



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E A ASOCIACIÓN DE FESTEXOS SAN BIEITO DE SERGUDE (G15745839), POLO QUE SE INSTRUMENTALIZA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O ENTROIDO DE SERGUDE 2025.

REUNIDOS

Dunha parte, o **Concello de Boqueixón (CIF P1501200H)**, representado por OVIDIO RODEIRO TATO en calidade de alcalde-presidente.

Doutra parte, a entidade **Asociación de festexos San Bieito de Sergude (G15745839)**, inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Boqueixón co número 026, representada por JESÚS SANTASMARINAS DEVESA, con DNI 33251092S, en calidade de Presidente.

ANTECEDENTES

O Concello de Boqueixón, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños nos termos previstos no art. 25 da Lei 7/1985, do 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e exercerá, en todo caso, competencias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais, ocupación do tempo libre e turismo.

A Asociación de festexos San Bieito de Sergude foi creada no ano 2000 e ten como fins estatutarios a promoción de todo tipo de actos culturais e recreativos. Entre as actividades que desenvolve destaca a organización do tradicional Entroido de Sergude (Xenerais da Ulla), que se celebra nesta parroquia dende fai máis de 60 anos, representando a única manifestación do entroido tradicional que se mantén viva no concello de Boqueixón e que conserva con integridade practicamente todos os elementos e detalles do entroido da Ulla, cos desfiles de xenerais, correos e coros que percorren as aldeas da parroquia.

ACORDAN

Outorgar o seguinte convenio de acordo cas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as bases de outorgamento dunha subvención nominativa polo concello de Boqueixón a favor da Asociación de festexos San Bieito de Sergude (G15745839), fixando as condicións que



se impoñen polo concello e os compromisos que asume a entidade beneficiaria para o cofinanciamento do Entroido de Sergude 2025.

SEGUNDA. Contía económica

O Concello de Boqueixón dispón dunha partida orzamentaria no ano 2025 cun importe de 1.000,00 euros para financiar o Entroido de Sergude (432.48000).

A achega municipal é un importe certo, que non se incrementará por referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, nin por ningún outro concepto. O resto de gastos da asociación financiaranse con cargo a recursos propios ou alleos da asociación beneficiaria.

A subvención do concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado. De superarse o importe total do gasto efectivamente xustificado, o concello declarará a perda do dereito ao cobramento da subvención ou o reintegro, segundo proceda, de xeito parcial ou total, atendendo ao caso correspondente.

Considéranse gastos subvencionables dentro deste convenio os seguintes gastos solicitados pola entidade, relativos á organización do Entroido de Sergude (Xenerais do Ulla):

- Autocar para traslados.
- Actuación musical.
- Aluguer e montaxe de carpa.

TERCEIRA. Xustificación

A Asociación presentará, nun prazo máximo dun mes dende a realización do evento ou, no seu caso, dende a sinatura deste convenio de colaboración, unha conta xustificativa do gasto realizado, coas correspondentes facturas e xustificantes bancarios de pago, que acrediten un gasto igual ou superior a 1.0000,00 euros. De non acadar este importe, o concello aboará a cantidade efectivamente xustificada. Non se realizarán pagamentos anticipados á presentación da conta xustificativa.

En ningún caso se considerarán xustificadas os gastos aboados en efectivo.

A presentación da conta xustificativa deberá realizarse obrigatoriamente a través da Sede Electrónica do Concello de Boqueixón. Para isto, é obriga ineludible da asociación beneficiaria así como das persoas titulares da Presidencia, Secretaría e Tesouraría estar en posesión dos certificados electrónicos que permitan a súa identificación e realización de trámites ante as Administracións Públicas.

CUARTA. Causas de resolución do convenio

O concello reservase o dereito a rescindir unilateralmente e con previo aviso de quince días naturais de antelación, o presente convenio, sempre que se produza incumprimento, por parte da Asociación de festexos



San Bieito de Sergude, do estipulado no presente convenio, ou ben por algunha circunstancia de forza maior.

QUINTA. Control financeiro do concello e dos órganos de control externo.

Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a asociación poderá ser sometida pola Secretaría-Intervención a un control financeiro por auditoría sobre a subvención aboada, coa fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron outorgados, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todos os deberes formais e materiais que lle impón este convenio de colaboración.

Igualmente, conforme ao disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuízamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

SEXTA. Reintegro, infraccións e sancións

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a perda do dereito ao cobramento da subvención ou o deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, particularmente o atraso ou a non presentación da conta xustificativa, así como ao pagamento dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a orixe do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 91 e seguintes do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

SÉTIMA. Incorporación ao Rexistro Público de Subvencións e publicación da subvención outorgada.

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación serán remitidos á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello remitiralle a mesma información á Consellería que resulte competente en materia de facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Conforme ao disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a asociación será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Portal de Transparencia do Concello de Boqueixón.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado á rendición de contas do Concello de Boqueixón.

OITAVA. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

O prazo de vixencia do convenio iniciárase o 1 de xaneiro de 2025 e terá efectos ata o 31 de decembro de 2025.

Por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora e a Secretaría-Intervención o convenio poderá ser obxecto de modificación.

Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula terceira, deberá solicitar antes do 15 de setembro unha prórroga do prazo inicial, achegando solicitude razoada e o concello poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, o concello poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de marzo do ano seguinte ao do período a xustificar. Esta prórroga será aprobada mediante decreto da Alcaldía, despois do informe da unidade xestora e da Secretaría-Intervención. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de maneira que a entidade beneficiaria perderá o dereito á cobranza do importe correspondente á contía non xustificada na data citada.

Todo isto igualmente condicionado á existencia de crédito idóneo e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

NOVENA. Natureza, interpretación e xurisdición competente

O convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao alcalde-presidente do Concello de Boqueixón, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora e da Secretaría-Intervención.

Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das



**CONCELLO DE
BOQUEIXÓN**

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Concello de Boqueixón

Asociación de festexos San Bieito de Sergude

Asdo.: Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

Asdo: Jesús Santasmarinas Devesa, presidente